



Anexo I

ACTUACIÓN ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA EN CENTROS PÚBLICOS DE TITULARIDADE DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE: CLUBS DE LECTURA 2020/2021	DOCUMENTO SOLICITUDE
--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

Nome do Centro	IES O Ribeiro	Código	32015475	Nº de alumnos/as	473
Enderezo					
Concello	Ribadavia	C.P.	32400	Tfno.	
				e-mail	ies.oribeiro@edu.xunta.gal
Persoa responsable / coordinadora do CLUB DE LECTURA.				MACNAVEL@edu.xunta.es	
Nome e apelidos:		MAGO J. PÉREZ DE MENDIBURU MARTÍNEZ			
e-mail:					

(Sinalar)

A persoa coordinadora do CLUB DE LECTURA é responsable da biblioteca escolar/integrante do equipo de apoio á biblioteca escolar.

A persoa coordinadora do CLUB DE LECTURA é profesor/a do Departamento..... XEOP. e HISTORIA

Don/Dona Jose Antonio Fernandez Ferreiro, como director/a do centro, solicita a participación na convocatoria da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de 29 de outubro de 2020, pola que se incentivan CLUBS DE LECTURA como actividade de fomento da lectura para o curso 2020/2021, en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. As contías asignadas, no caso de que o proxecto que se presenta resulte seleccionado, dedicaranse integramente a costear os recursos necesarios para o funcionamento propio dun Club de Lectura (o que deberá quedar reflectido na memoria correspondente), así como á súa difusión entre os distintos membros da comunidade escolar.

En Ribadavia a 13 de novembro de 2020

Asdo:

Documentación que se acompaña

Proxecto das actuacións previstas (máximo 3 páxinas), no que se faga constar:

- Nome do Club de Lectura.
- Breve historia (no caso de que o club xa existise en cursos anteriores e non tivese participado na convocatoria anterior; deberá ter o visto e prace da dirección do centro ou acompañarse da oportuna certificación).
- Finalidades. Relación co Proxecto Lector de Centro e a biblioteca escolar.
- Actividades previstas. Breve descrición dos escenarios posibles.
- Actividades específicas de impulso á lectura en galego.
- Actividades para estimular a participación de varóns (se as houber).
- Actividades para incentivar a participación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (se as houber).
- Composición, número de grupos e número de participantes aproximado. Implicación doutro profesorado do centro. Detalle da existencia, no seu caso, dun grupo de lectura de adultos.
- Forma de organización e funcionamento.
- Horario e calendario previsto para as reunións de carácter presencial.
- Medios previstos para a súa difusión entre a comunidade escolar.

Certificacións de presentación no claustro e no consello escolar (actualizado ao curso 2020/2021).

Certificados acreditativos das actividades de formación (en materia de fomento da lectura) do profesorado que se responsabiliza da posta en marcha do Club de Lectura, a efectos de consideración no baremo. Período 2018-2020)

Esta solicitude deberá presentarse a través do enderezo que segue (data límite: 16 de novembro de 2020)
<https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/?q=cl2021/solicitude>

SR. DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
SAN CAETANO, s/nº, bloque 2, 2º - 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES O Ribeiro

Edificio O Ribeiro
Rúa do Carballiño s/n
Tel. 988 788 266
Fax: 988 788 273
32400 RIBADAVIA (Ourense)

Edificio Abrente
Rúa Irmáns Álvarez Araújo, 5
Tel. 988 471 076
Fax: 988 472 018
32400 RIBADAVIA (Ourense)

galicia
ies.oriheiro@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesoriheiro/

O secretario do IES O Ribeiro, José Antonio González Cabano, certifica: que se incluírá no orde do día do próximo Claustro e Consello escolar do IES O Ribeiro, a aprobación do proxecto “Club de Lectura”.

En Ribadavia, a 13 de Novembro de 2020.

O secretario do IES O Ribeiro

José Antonio González Cabano.



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste na teu futuro"

PROXECTO CLUB DE LECTURA **MAQUIÁNS** IES RIBEIRO 2020 - 2021

NOME E "HISTORIA"

O Club de lectura ten o Nome "**MAQUIÁNS**" (nome do afluente do Río Avia que bordea o recinto escolar do noso centro) e pertence ao IES RIBEIRO, da vila de Ribadavia (Ourense).

Este sería o seu **terceiro ano** de funcionamento, pero herda unha tradición de participación en Clubs de Lectura anterior, xa que no centro ao que pertencemos, e desde o curso 2017 - 2018, estamos convivindo membros da comunidade educativa do **IES Ribeiro** e do extinto **CPI Tomás de Lemos**, que desapareceu cando foi reconvertido no CEIP Ribadavia. No CPI Tomás de Lemos viña funcionando o **Club de Lectura Tomás de Lemos**, acumulando unha existencia de 10 anos. No **IES Ribeiro** o seu club de Lectura estivo en funcionamento ata o curso 2016-2017. Hai dous cursos, coa reapertura das actividades do Club de Lectura buscábamnos traballar na mellora da oferta cultural do noso centro, e neste curso tan marcado pola situación xeralizada de emerxencia sanitaria, e donde a vida cultural do centro está seriamente comprometida, pensamos que é de vital importancia ofertar de novo ás súas actividades.

O coordinador do Club de Lectura "**MAQUIÁNS**" será Marcos Javier Pérez de Mendiguren Martínez, que xestionou o **Club de Lectura Tomás de Lemos** durante sete cursos, sendo este o terceiro que xestionará no **IES O Ribeiro**.

FINALIDADE DO CLUB DE LECTURA E RELACIÓN CO PROXECTO LECTOR

A finalidade do Club de "**MAQUIÁNS**" será múltiple: desde o punto de vista da lectura o noso Club pretende fomentar o hábito lector, permitir un achegamento aos libros como elementos de suma importancia no crecemento e maduración das persoas, entender as bibliotecas como lugares de goce nos momentos de ocio e colaborar nunha mellora da convivencia no centro.

En relación ao Plan do Centro, o Club de Lectura participará nel reivindicando a biblioteca como centro dinamizador da vida cultural, habituará ao alumnado no uso de fontes documentais escritas (impresas e electrónicas) e colaborará no fomento e consolidación de hábitos lectores.

ACTIVIDADES PREVISTAS (ADAPTADAS A DIFERENTES ESCENARIOS)

- Lecturas de libros / grupos de libros en **galego** e castelán, coas súas respectivas reunións de traballo presencial (aulas de desdobre habilitadas para tal efecto e coas debidas medidas de hixienización e distancia) ou reunións por **videoconferencia**. Temos que destacar que este curso o centro NON CONTA CON BIBLIOTECA onde realizar as reunións, ao ser reconvertida en aula.

- O escritor/a do mes. Resaltar a obra dun/ha autor/a achegando ao alumnado os seus escritos en diferentes linguas. Os materiais serán separados 48 horas antes da súa entrega ao alumnado e sometidos a corentena tras ser recollidos.

- Edición de material bibliográfico propio **en galego**: volumes de poesía, relatos breves e textos científicos.

- **Taller online** de Banda Deseñada.

PROXECTO CLUB DE LECTURA **MAQUIÁNS** IES RIBEIRO 2020 - 2021

- Participar no tabuleiro de suxestións bibliográficas organizado pola biblioteca do centro en colaboración co departamento de plástica.
- Realización de material audiovisual para a difusión das actividades do Club de Lectura nas diferentes plataformas e RR.SS do centro.
- Dinamización da páxina web e implicación do alumnado no seu funcionamento, en colaboración coa comisión de promoción das TIC do centro.
- Participación nos concursos de escritura organizados pola biblioteca do centro e o departamento de **Lingua Galega**, intentando participar en concursos convocados por outros centros.
- Colaboración co departamento de Orientación e as especialistas en Audición e Linguaxe para a participación no Club de Lectura do alumnado con **Necesidades Educativas Especiais**, seleccionando - en caso de ser necesario - lecturas adaptadas ás características de dito alumnado.
- Temos que destacar que tradicionalmente, o club de lectura Maquiáns caracterízase pola participación maioritaria de **lectores masculinos**.

COMPOSICIÓN E NÚMERO DE PARTICIPANTES

O club de lectura, neste curso 2020 - 2021, ofertará **20 prazas**, que nos permitirían o emprego seguro das aulas de desdobre nas que desenvolver a nosa actividade.

FORMA DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E IMPLICACIÓN DO PROFESORADO

O club conta cun/cunha profesor/profesora coordinador.

As decisións sobre administración do club fanse mediante votacións entre todo o profesorado membro. As demais decisións son tomadas contando cos alumnos e nas diferentes reunións, mediante votación e maioría simple.

As reunións da totalidade do Club de Lectura terán unha frecuencia quincenal. Para a súa realización empregaranse o tempo do recreo dos mércores.

Por outra parte, o profesorado traslada ao eido da súa xornada lectiva, tarefas relacionadas co Club: apoio na realización de debuxos e bandas deseñadas no tempo de plástica e ciencias sociais, tradución de poesías a diferentes idiomas, apoio por parte do profesorado de informática no emprego das TIC's.

MEDIOS DE DIFUSIÓN ENTRE A COMUNIDADE ESCOLAR

O Club de Lectura buscaría a súa difusión entre o conxunto da actividade escolar mediante a publicitación das súas actividades na cortiza da entrada da biblioteca. De cara ó público estará tamén o tabuleiro de suxestións literarias. Terá presenza na páxina web do centro. Estableceremos relacións das actividades cos diferentes departamentos (tecnoloxía, plástica, linguas, sociais, etc). Actividades como o fondo de préstamos estarán abertas á participación de toda a comunidade escolar.

PROXECTO CLUB DE LECTURA MAQUIÁNS
IES RIBEIRO 2020 - 2021

HORARIO E CALENDARIO PREVISTO PARA AS REUNIÓN DE CARÁCTER PRESENCIAL

A proposta provisional de reunións e actividades é a seguinte:

MESES	NOVEMBRO - DECEMBRO	XANEIRO - FEBREIRO	MARZO - ABRIL	MAIO - XUNO
S ACTIVIDADE	<ul style="list-style-type: none"> - Reunión inicial (terceira semana de novembro). - Reunións de lectura (recreo dos mércores) - Escritores de novembro e decembro. - Lectura do libro e reunión de análise (última semana antes de Nadal). - Realización de vídeos con valoracións das lecturas a compartir con toda a comunidade educativa. 	<ul style="list-style-type: none"> - Proposta de lectura de libro. Reunións para o seu comentario. - Poetas de xaneiro e febreiro. - Convocatoria dun concurso de poesía. - Convocatoria e participación no concurso de cartas de amor. - Realización de vídeos con valoracións das lecturas a compartir con toda a comunidade educativa. 	<ul style="list-style-type: none"> - Lectura de cómic. - Taller de banda deseñada online. - Concurso de Banda Deseñada. - Proposta de lectura de libro. Reunións para o seu comentario. - Edición dunha escolma textos de licenza aberta. - Realización de vídeos con valoracións das lecturas a compartir con toda a comunidade educativa. 	<ul style="list-style-type: none"> - Participación no concurso literario do Día das Letras Galegas. - Proposta de lectura de libro. Reunións para o seu comentario - Realización de vídeos con valoracións das lecturas a compartir con toda a comunidade educativa.